



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

CONCELLO DE ABEGONDO

ANUNCIO

Convócanse as seguintes prazas para a contratación laboral temporal das persoas traballadoras desempregadas que desenvolverá a actuación denominada **“Traballos de xestión da biomasa vexetal en áreas eespazos públicos de Abegondo”**, financiada pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, a través do programa **APROL RURAL** exercicio **2023**:

✓ **1 tractorista**

✓ **3 peóns forestais**

Requisitos necesarios para poder optar ás prazas convocadas :

- Tarxeta acreditativa da situación de desemprego
- Certificado de estudos primarios ou equivalente
- Galego (Celga 1 ou equivalente)

Conforme o previsto no artigo 14 da orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 / código de procedemento TR351G (DOG núm. 22 do mércores, 1 de febreiro de 2023), o Concello realizará a selección do persoal a través da presentación da/s oferta/s de emprego na **oficina pública de emprego (Servizo Público de Emprego)**. Presentarase unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, conforme a codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO).

Polo tanto as persoas candidatas interesadas deberán ser previamente preseleccionadas pola oficina do Servizo Público de Emprego e cumprir os requisitos sinalados no citado artigo 14 e, en particular, ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados/as e estar dispoñibles para o emprego.

Publíquese este anuncio e as bases da convocatoria na sede electrónica (<https://sede.abegondo.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello de Abegondo.

Abegondo, 12 de maio de 2023



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.